

ACTUALIDADE

EDICIÓNS

CULTURA

REPORTAXES

ENTREVISTAS

DEPORTES

COSTA DA MORTE

Adiante Última Hora

15/11/2018 21:02 Fonteboa organiza un xantar solidario [Más info](#)

14/11/2018 09:11 Cena solidaria de la asociación Egueire [Más info](#)

O IES Terra do Xallas participa nun programa europeo de intercambio escolar



Costa da Morte | Publicada: 14/11/2018

f 0 t 0 g+ 0

Email	Facebook	Twitter	Google+	Pinterest	WhatsApp
			Menéame	Chuzua!	Cabozo

Tempo de lectura: 3 minutos e 28 segundos.

As profesoras-coordinadoras do proxecto Ana Isabel López Novo e Marisol Lorenzo viaxaron a Grecia.



AUTOXALLAS

Avda de Santiago,40
15841 Santa Comba

santacombadetapaentapa2018

NOVEMBRO
do 16 ao 25

IX Rusa das Tapas

Locais Participantes

- A LANDRA TENDA DEGUSTACIÓN
- RESTAURANTE TIO PACO
- CERVECERÍA D'MARA
- CAFETERIA RAFAEL
- HOTEL XALLAS
- CAFETERIA TALLADAS
- CAFÉ BAR A NOSA VILA
- A CALENDIA

PREZO DA TAPA 1€

UNHA TAPA POR CONSUMIÇÃO

Horario e días de degustación das tapas

Venres, Sábados e Domingos de 12 a 15 h., e de 20 a 23 h.



XXVII CONCURSO AUTONÓMICO

DA RAZA FRISONA

FEFRIGA 2018

Santa Comba (A Coruña)
23, 24 e 25 de novembro



Nalé do Concurso
Jaume Serrabassa

Actividades:
Venres de 16:00 h. Concurso de Presentación
Sábado de 10:30 h. Concurso de Lobo e Huestas
Sábado de 15:30 h. Concurso de Vozes
Domingo de 11:30 h. Concurso de Nivel Mestreado

Bianca Asia ET,
vaca gran campiona de Galicia 2017



[Configuración de privacidad](#)



O IES Terra do Xallas participará no proxecto "SOS:Sustain of Souls" xunto con outras cinco entidades de Alemaña, Grecia, Italia, Polonia e Romanía. Trátase dun proxecto de intercambio escolar que se enmarca dentro do programa Erasmus + financiado pola Unión Europea.

Fontes do centro xalleiro informaron que "o propósito xeral do proxecto é analizar a perda de contacto que as xeracións máis novas están a ter coa natureza, co traballo da terra, ca orixe dos alimentos, co xogo ó aire libre e, en definitiva, con todo o que os rodea, incluídas as persoas". Realizaranse diferentes actividades, algunhas en colaboración co concello de Santa Comba, nas que o alumnado fará un estudo comparativo entre a relación que a xeración dos avós e avoas tiña coa natureza e a que teñen eles no presente.

"SOS:Sustain of Souls" persegue concienciar ao alumnado da importancia da natureza e mellora a competencia comunicativas, en especial do inglés por ser a lingua común do proxecto. Tamén pretende aprofundar no significado de Unión Europea.

Presentación en Grecia

As dúas profesoras coordinadoras do proxecto, **Ana Isabel López Novo** e **Marisol Lorenzo**, viaxaron a semana pasada á escola 1 EPAL de Tríkala, en Grecia, onde presentaron o IES Terra do Xallas aos cinco socios europeos e sentaron as bases do proxecto. O primeiro encontro de intercambio escolar realizarase en Santa Comba entre o 18 e 22 de febreiro, semana na que o alumnado dos outros países será acollido aquí polas familias do alumnado participante no proxecto.

Erasmus+ é un programa europeo de educación e formación creado pola Unión Europea para favorecer as relacións multilaterais entre estudantes e profesorado dos países membros, para favorecer o desenvolvemento persoal e mellorar as perspectivas laborais mediante a aprendizaxe e experiencias que permiten incrementar as capacidades e habilidades dos participantes. En España a xestión e supervisión dos programas son levadas a cabo polo Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

Se queres podes deixar un comentario sobre esta noticia no Facebook:

0 comentarios

Ordenar por

Añade un comentario...

[Plugin de comentarios de Facebook](#)

Pódeche interesar...

El PSOE de Mazaricos pregunta por la contratación de



[Configuración de privacidad](#)